

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

*ORDE do 22 de xullo do 2011 pola que se desenvolve a estrutura organizativa de xestión integrada da Coruña e de Santiago de Compostela.*

Por medio do Decreto 168/2010, do 7 de outubro, régulase a estrutura organizativa de xestión integrada como instrumento de organización no ámbito periférico do Servizo Galego de Saúde.

Estas estruturas de xestión sanitaria integrada asumen a xestión funcional dos recursos, as prestacións e os programas de atención sanitaria, sociosanitaria e de promoción e protección da saúde na zona de influencia.

Ademais de establecer o réxime xeral das xerencias e a súa estrutura básica o citado decreto crea, no seu artigo 1, as estruturas organizativas de xestión integrada da Coruña e Santiago de Compostela.

De acordo co artigo 3 do decreto, a estrutura básica de xestión integrada está formada por órganos unipersoais e colexiados. Como órganos unipersoais sinálanse a Xerencia de Xestión Integrada, a Dirección de Procesos Asistenciais, a Dirección de Recursos Económicos, a Dirección de Recursos Humanos e a Xerencia Executiva.

No Decreto 168/2010 tamén se sinala que poderán existir outras unidades directivas dependentes dos órganos antes citados, no caso de que se considere necesario, segundo o desenvolvemento e a complexidade das xerencias e dos propios centros hospitalarios que se integran nelas.

Na súa virtude, de acordo co establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no decreto antes citado, por proposta da Xerencia do Servizo Galego de Saúde,

### DISPOÑO

#### Artigo 1. *Obxecto.*

A presente orde ten por obxecto o desenvolvemento da estrutura organizativa de xestión integrada da Coruña e Santiago de Compostela, de conformidade co establecido no Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde.

*Artigo 2. Xerencias de Xestión Integrada.*

De cada Xerencia de Xestión Integrada da Coruña e Santiago de Compostela dependerán:

- 1) Subdirección de Sistemas de Información.
- 2) Subdirección de Calidade, Atención ao Paciente e Admisión.

*Artigo 3. Dirección de Procesos Asistenciais.*

1. Da Dirección de Procesos de Enfermaría dependerán catro subdireccións de Procesos Asistenciais da Área de Enfermaría.

2. Dependendo das direccións de Procesos con Ingreso, de Procesos sen Ingreso e Urgencias, e de Soporte poderán existir catro subdireccións de Procesos Asistenciais da Área Médica. A adscrición de cada unha destas subdireccións será realizada polo Xerente de Xestión Integrada, segundo as necesidades e logo de aprobación pola presidenta do Servizo Galego de Saúde.

*Artigo 4. Dirección de Recursos Económicos.*

Da Dirección de Recursos Económicos dependerán dúas subdireccións da Área de Recursos Económicos

*Artigo 5. Dirección de Recursos Humanos.*

Da Dirección de Recursos Humanos dependerá una subdirección da Área de Recursos Humanos.

*Artigo 6. Xerencias executivas de Cee e do Barbanza.*

De cada unha das xerencias executivas de Cee e do Barbanza existirá a seguinte estrutura.

- a) Subdirección Médica
- b) Subdirección de Enfermaría.
- c) Subdirección de Xestión.

Disposición derradeira.

A presente orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2011.

M.<sup>a</sup> Pilar Farjas Abadía  
Conselleira de Sanidade